

## PRESENTACIÓN

Xa no mes de decembro de 2002, ao pouco do fatídico accidente, o Consello Económico e Social de Galicia (daquela presidido por Luís. Suárez Llanos, sendo secretario Carlos Monclús) tomara a decisión de ocuparse e tirar conclusións das consecuencias das mareas negras do Prestige (Pleno do CES do 12 de decembro de 2002). Non foi sen tempo ata que meses despois (o 30 de outubro de 2003) o CES asinou un convenio coa Universidade de Vigo para que no Departamento de Economía Aplicada (e coa coordinación dos profesores Manuel Varela e Albino Prada) se realizase un estudo como o que o lector ten agora nas súas mans.

Nese mesmo período de tempo celebráronse unhas xornadas científicas internacionais (marzo de 2003, Consello da Cultura Galega) en que, en boa medida, se perfilaron a metodoloxía e os obxectivos dun estudo destas características tal como se recolle na edición bilingüe (galego-inglés) dos seus relatorios, no libro presentado en xuño de 2003 co título *Efectos económicos, sociais e ambientais da marea negra do Prestige* (A. Prada e M.X. Vázquez, coord.).

As limitacións de tempo, financiamento e dispoñibilidade do equipo investigador aconsellaron limitar o alcance do estudo aos danos en dous sectores (pesca, marisqueo e acuicultura por unha banda, e ocio-turismo pola outra) e só para o primeiro ano posterior á catástrofe. O CES asumiu realizar un informe *ad hoc* sobre os gastos implicados nas medidas paliativas e de limpeza-restauración polas distintas AAPP nese mesmo período, mais quedaban así fóra outros impactos (p.ex. os danos aos usos pasivos do patrimonio natural, na saúde, no tecido social, etc.) e todos os que se producisen máis aló do 2003.

Como coordinadores do informe queremos agradecer a gran disposición e comprensión en todo momento do Consello Económico e Social para facilitar a nosa tarefa (incluída a prórroga de dous meses que nos

facilitou a actual Presidencia do CES á vista dos retardos na recolla da información relativa aos traballos de campo no sector da pesca). Cómpre explicitar, aquí e agora, que os traballos de campo absorberon todo o financiamento disposto polo CES ... co que o traballo dos investigadores debe considerarse un certo tipo de "voluntariado" intelectual. A cuestión merecía.

Como é obvio, en ano medio de traballo e á vista da información que foi aparecendo como dispoñible (de fontes indirectas normalmente oficiais e dos traballos de campo por nós deseñados e encargados a empresas especializadas) o equipo de investigación foi dando forma final a un índice de contidos do informe que, aínda que partía da proposta inicial do convenio –e sen deixar fóra nada substantivo daquela-, nesta altura cremos que está máis afinado e desenvolve con minuciosidade os obxectivos que tiñamos asumidos.

Da calidade e rigor da nosa análise non nos toca a nós falar, mais si de deixar declaración manifesta de que o noso maior éxito na tarefa sería comprobar que as propostas e resolucións que deste informe se deriven reducisen os riscos de futuras mareas negras nas nosas costas. Unha idea básica desas propostas (que xa se recollía na inmediata Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do CES) será que os procedementos de indemnización teñan en conta a reparación íntegra do conxunto de danos causados (dano emerxente e lucro cesante) e a consecuente internalización por parte dos suxeitos responsables dos custos ambientais totais, entendendo que este vén ser o camiño máis eficaz na prevención de riscos futuros por este tipo de accidentes.

Manuel M. Varela Lafuente

Albino Prada Blanco

Vigo, 25 de febreiro de 2005

## **1. DELIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADES E IMPACTOS NO TRANSPORTE MARÍTIMO DE HIDROCARBUROS. O CASO DO PRESTIGE**

### **1.1. TRÁFICO DE HIDROCARBUROS E ACCIDENTES. EVOLUCIÓN**

### **1.2. FACTORES DE RISCO NO TRANSPORTE DE HIDROCARBUROS**

- 1.2.1. As bandeiras de conveniencia
- 1.2.2 Tipos de frete e tipos de buque
- 1.2.3 As inspeccións dos buques
- 1.2.4 O caso Prestige no marco do risco

### **1.3. O MARCO DA RESPONSABILIDADE**

- 1.3.1 A OMI e o FIDAC
- 1.3.2 O marco de responsabilidade na Unión Europea
- 1.3.3 A regulación nos Estados Unidos
- 1.3.4 Algunhas conclusións

### **1.4. DELIMITACIÓN DE IMPACTOS NO CASO DO PRESTIGE**

- 1.4.1 Definición de danos en mareas negras e problemas de estimación
- 1.4.2 Sectores afectados directamente en Galicia. Metodoloxía para a estimación destes danos.

## **2. O PRODUTO CESANTE NO SECTOR PESQUEIRO DE GALICIA.**

### **2.1. AS ACTIVIDADES PESQUEIRAS DIRECTAMENTE AFECTADAS.**

- 2.1.1. Contextualización do sector pesqueiro galego.
  - Os medios para a produción pesqueira, marisqueira e acuícola de Galicia
  - A produción pesqueira e marisqueira de Galicia
  - A produción pesqueira e marisqueira por zonas ecoxeográficas
  - A produción da acuicultura mariña en Galicia
- 2.1.2. A inserción do sector pesqueiro no tecido produtivo de Galicia.
  - Oferta e demanda total dos produtos pesqueiros en Galicia.

- Orixe e destino dos produtos intermedios.
- O complexo pesca-conserva por subsectores.

## **2.2. CUANTIFICACIÓN DAS PERDAS ECONÓMICAS NO SECTOR PESQUEIRO DE GALICIA.**

### **2.2.1. O escenario cero para o sector pesqueiro.**

- O escenario cero para a estimación directa das perdas de produción pesqueira, marisqueira e acuícola.
- O escenario cero para a estimación indirecta das perdas de produción pesqueira e marisqueira.
- O escenario cero para a estimación indirecta das perdas de produción pesqueira e marisqueira por grandes comarcas.
- O escenario cero para a estimación indirecta das perdas de produción acuícola.

Anexo: Evolución mensual de vendas en lonxa de peixe e mariscos por grandes comarcas en Galicia.

### **2.2.2. A estimación indirecta das perdas de produción no sector pesqueiro.**

- A estimación indirecta das perdas de produción na pesca e ol marisqueo.
- A estimación indirecta das perdas de produción na pesca e o marisqueo por grandes comarcas.
- A estimación indirecta das perdas de produción na acuicultura.

Anexo: Perdas de produción pesqueira por grandes comarcas.

### **2.2.3. A estimación directa das perdas de produción no sector pesqueiro galego.**

- A mostra e o cuestionario para a pesca e o marisqueo.
- Os principais resultados observados na pesca.
- Os principais resultados observados na pesca por grandes comarcas.
- O caso da estimación directa das perdas de produción na acuicultura.

Anexo: cuestionario para pesca, marisqueo e acuicultura.

## **2.3. AS PERDAS DE RENDA NO SECTOR PESQUEIRO E OS EFECTOS ENCADEADOS PARA A ECONOMÍA DE GALICIA.**

### **2.3.1. As perdas de renda no sector da pesca.**

- O escenario cero para a estimación das perdas de renda.
- A estimación indirecta da renda cesante.
- A estimación directa da renda cesante.

### **2.3.2. Algúns efectos encadeados.**

## **2.4. RESUMO CONCLUSIÓN PARA O SECTOR PESQUEIRO GALEGO.**

# **3. CUANTIFICACIÓN DE DANOS AOS USOS ACTIVOS DO PATRIMONIO NATURAL**

## **3.1. PERDAS NO SECTOR TURISMO**

### **3.1.1. Escenario cero**

### **3.1.2. Estimacións indirectas**

- Impacto agregado como transferencia de danos.
- Impacto como demanda diferencial co conxunto español.
- Impacto como desviación sobre a tendencia da demanda.

### **3.1.3. Estimacións directas**

- A mostra de fogares.
- O panel de empresas

### **3.1.4. Síntese de escenarios de impacto e efectos encadeados**

## **3.2. PERDAS NOS BENEFICIOS RECREATIVOS DOS USOS QUE PERSISTEN**

### **3.2.1. Estimacións indirectas.**

### **3.2.2. Estimación directa: a mostra de fogares.**

- Cambios na demanda recreativa de litoral de 2002 a 2003.
- Resultados de valoración continxente.

### **3.2.3. Síntese de perdas recreativas.**

## **3.3. CONCLUSIÓN**

### **3.4. ANEXOS**

- Anexo I. Enquisa de evolución de actividade en establecementos turísticos de Galicia.
- Anexo II. Cuestionario de usos recreativos do litoral galego e fotografías utilizadas.
- Anexo III. Deseño da mostra recreativa e mostra definitiva.
- Anexo IV. Análise da evolución das visitas ao interior galego entre os anos 2002 e 2003.

### **4. CONCLUSIÓN**

### **BIBLIOGRAFÍA**